



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453184 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: BDF

Expte núm.: 2022/E001/000022

## ANUNCIO Nº 1

### **Convocatoria para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha praza de conserxe de cultura do concello das Pontes de García Rodríguez (OEP-E 2022) estabilización do emprego temporal**

O órgano de selección do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, de 1 praza de conserxe de cultura do concello das Pontes de García Rodríguez (OEP-E 2022), nomeado mediante a Resolución núm. 2698/2023, do 11 de decembro de 2023, do concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, adoptou na súa sesión do 21/12/2023 e de conformidade coa base 7 das bases xerais reguladoras dos procesos selectivos das prazas de persoal laboral incluídas na OEP-E 2022 (disp adic 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro (BOP A Coruña núm. 231 do 07/10/2022) e da base 6ª das bases específicas para a cobertura dunha praza de conserxe de cultura (BOP da Coruña núm. 241 do 22/12/2022), os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Efectuar a valoración da fase de concurso co seguinte resultado:

Aspirante	Experiencia profesional	Formación	Formación Académica	Puntuación total
Sandra Prieto Tojeiro	30 puntos	19 puntos	1	50 puntos
Brais Calles Alonso	6,6 puntos	19 puntos	0,50	26,1 puntos
Rubén Viñas Mayo	0 puntos	19 puntos	1	20 puntos

**Segundo.-** Declarar exentos aos aspirantes da realización da proba de galego que establece a base sétima das bases específicas da convocatoria por ter acreditado que están en posesión do Celga 2.

**Terceiro.-** En virtude da base décima das bases xerais reguladoras dos procesos selectivos das prazas de persoal laboral incluídas na OEP-E (disp adic 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), concédese un prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio da valoración efectuada no taboleiro de anuncios electrónico do concello das Pontes, así coma na páxina web municipal, para a presentación das reclamacións que estimen pertinentes.

Documento asinado pola secretaria do órgano de selección, Beatriz Domínguez Ferreiro, na data da sinatura dixital.